

# Criticalia

Blog de Armando Requeixo

## Varia silva

Publicado o **29/03/2020**



José Luis Graña Muíño (Cerdido, 1955) leva anos dedicado á escrita narrativa e teatral, tamén ao ensaio e, na súa faceta de profesor, á dinamización cultural. De todas estas angueiras foron xurdindo títulos como a monografía *Cerdido: lingua e outras realidades* (1995), a novela *Converxencia na cor vermella* (2007), a peza teatral *Itinerario do botellón* (2017), a adaptación escénica do texto de María Victoria Moreno *Mar adiante* (2018) ou o libro de relatos *A vida é dura antes dos 18* (2019).

A toda esta múltiple e celmosa traxectoria engade agora unha nova faciana, a poética. O título co que se estrea é abondo indicativo do contido: *Verso plural*, pois, en efecto, é moi variada, tanto na forma coma no fondo, a proposta que aquí se nos achega.

*Verso plural* figura dividido en seis seccións que agrupan as composicións polos asuntos e temáticas que se abordan. Así, “Esculcando derredor” incide especialmente na crítica social a as realidades que coutan ou danan a Galicia (os incendios, a diglosia) ou ao xeral das comunidades (o capitalismo feroz, a violencia de xénero). Nun ámbito moi outro móvense as composicións de “Para cativar lectores novos”, nos que adquiren protagonismo a contemplación do mar, a amizade, o ludismo infantil, o agarimo ás mascotas, os primeiros

amoriños ou os soños mozos. Da súa parte, o bloque dedicado ás “Homenaxes” ten lembranzas para a súa terra natal (Miño, O Pedrido) e as súas xentes queridas (Begoña, súa nai, Maribel Tomé) e tamén para escritores admirados como Blanco-Amor ou Xosé Luna, entre outros.

“Festivos” reúne as poesías máis benhumoradas do conxunto, combinando textos nos que se xoga coas palabras con outros nos que se ironiza abertamente sobre os contestadores telefónicos robotizados, as enchentes nupciais, as infindas festas gastronómicas que inzan por toda a nosa terra ou a paixón polas lambetadas.

“Cántigas doutro tempo” é un exercicio de exaltación do Cerdido de orixe, da súa paisaxe e paisanaxe, dos seus costumes e ritos, en fin, do sentimento de tribo e de pequena patria.

Finalmente, “Ollada interior” engade unha cauda máis reflexiva, como anuncian os propios títulos dos dous poemas que a compoñen: “Conciencia” e mais “Desacougo”. Un pensar o mundo e as cousas para situarse a si mesmo no camiño e facer balance.

Toda esta varia silva ten tamén a súa correlación múltiple na formulística na que se plasma, que ensaia con agrado os metros populares (romances e romanciños, sonetos e redondillas) e tamén no versolibrismo paralelístico, enunciativo ou apositivo, con particular engado polos recursos gráficos expresivos como o emprego de maiúsculas enfáticas ou as exclamacións e o uso dos parentéticos.

A poética de Graña Muíño bebe dos clásicos (Cunqueiro, Novoneyra, Manuel María, Celso Emilio e outros) para modularse como propia no seu acento cerdidense, é íntima e social, individual e colectiva, atende á realidade presente e á memoria recente, préstase á lectura polos máis noviños e polos máis medrados. En definitiva, é unha poética integral, ancorada no noso tempo mais que non perde de vista a raiceira da que parte, o que entendo un logro.

Sexan, pois, parabéns a José Luís Graña Muíño por este seu primeiro poemario e tamén a Medulia Editorial por acoller no seu catálogo esta proposta, que se adobía con fotos do propio autor para ofrecer un volume de lectura agradable e amena.

[*El Ideal Gallego e Diario de Ferrol*, 29-3-2020]